

Artigo 1.-

A pertenza ao Clube Deportivo Náutico de Miño (en adiante Clube) implica a aceptación íntegra do contido deste Regulamento.

O Regulamento de Réxime Disciplinario será de aplicación a feitos, actitudes e acontecementos cometidos por socios do Clube na súa relación con outros socios, cos empregados do Clube e coas instalacións do mesmo. E con calquera persoa física ou xurídica pertencente ou allea ao Clube.

Artigo 2.-

Con carácter xeral, no caso de que os feitos que orixinen a instrución do expediente sancionador causaran danos ou prexuízos ás instalacións ou patrimonio do Clube ou de outros socios, o socio que cometeu os feitos, ademais de asumir a sanción que lle sexa imposta, deberá reparar os danos causados.

Artigo 3.-

As sancións disciplinarias serán impostas polo Presidente, previa audiencia do interesado, que no caso de ser moi graves ou graves, deberá ser ratificada na primeira Asemblea Xeral que se celebre.

COMISIÓN DISCIPLINARIA

Artigo 4.-

A Comisión Disciplinaria será a encargada de instruír o expediente disciplinario e de propoñer unha sanción que será estudada polo Xunta Directiva e o Presidente para a súa aplicación.

Artigo 5.-

A Comisión disciplinaria será convocada polo Presidente, que se reunirá nun prazo máximo de 30 días naturais a partir da data na que se teña constancia dos feitos que motivan a apertura de expediente.

Artigo 6.-

A Comisión disciplinaria estará composta por un máximo de 5 membros, dos que 3 serán propostos polo Presidente e 2 polo socio ou socios aos que se lle instrúe o expediente. Para ser membro da Comisión Disciplinaria é imprescindible ser socio do Clube.

Artigo 7.-

O Presidente xunto coa Xunta Directiva poderá ratificar ou modificar a sanción proposta pola Comisión Disciplinaria, pero non poderá modificar a calificación da mesma como leve, grave ou moi grave.

Artigo 8.-

Contra a decisión da Comisión disciplinaria no caso de ser considerada falta leve, o socio poderá presentar recurso ante a Xunta Directiva nun prazo de 15 días hábiles. Contra esta resolución da Xunta Directiva non cabe ningún outro recurso.

No caso das faltas graves ou moi graves, e co mesmo prazo, poderase presentar recurso ante a Asemblea Xeral, que confirmará definitivamente a sanción correspondente aos feitos que motivaron o expediente.

CALIFICACION DAS FALTAS

Artigo 9.-

As faltas terán a consideración de leves, graves e moi graves segundo a aplicación deste Regulamento.

Artigo 10.-

Terán consideración de falta leve:

- a. Dirixirse de xeito inadecuado a outro socio ou empregado do Clube.
- b. Causar danos leves nas instalacións ou propiedades do Clube ou de calquera dos socios.
- c. No desenvolvemento de probas deportivas, o non respectar as normas establecidas, tanto se a competición é organizada polo Clube ou se se compite nos seus equipos de competición.
- d. Incumprir as normas establecidas para o uso das instalacións.
- e. Calquera feito que represente un menoscabo leve dos dereitos dos demais socios ou empregados do Clube.

- f. Negarse á identificación cando sexa requirida por algún empregado do Clube ou membro da Xunta Directiva no cumprimento das súas funcións.
- g. Calquera conduta análoga ou similar ás descritas que orixinen un prexuízo leve ao Clube ou aos seus socios.

Terán consideración de falta grave:

- a. A comisión de dúas faltas leves nun prazo de tres meses.
- b. As ofensas de palabra ou obra ou a falta de respecto a outro socio ou empregado do Clube, sempre que estas se produzan nas instalacións do Clube ou no desenvolvemento de actos ou competicións onde o Clube participe.
- c. Facer uso indebido dos dereitos de socio ou falsear os datos para adquirir a condición de socio.
- d. No desenvolvemento dun acto ou competición deportiva incumprir gravemente as normas establecidas ou calquera acción que supoña escándalo ou violencia de calquera tipo.
- e. Incumprir os Estatutos ou calquera outra norma establecida polo Clube para o uso das súas instalacións.
- f. Non atender as indicacións de calquera membro da Xunta Directiva ou do persoal empregado do Clube sobre o uso das súas instalacións.
- g. Non respectar os acordos validamente adoptados pola Asemblea Xeral.
- h. Calquera outra conduta análoga ás descritas anteriormente que orixine un prexuízo grave.

Terán consideración de falta moi grave:

- a. A comisión de dúas ou mais faltas graves durante un ano.
- i. As ameazas ou ofensas públicas contra socios ou empregados do Clube emitidas de xeito público e notorio, sempre que estas se produzan nas instalacións do Clube ou no desenvolvemento de actos ou competicións onde o Clube participe.

- b. Os roubos, furtos, ou calquera acto de apropiación indebida de bens do Clube.
- c. Os roubos, furtos, ou calquera acto de apropiación indebida de bens dos socios ou de terceiras persoas sempre que este se produza nas instalacións do Clube ou en calquera acto ou competición onde este participe.
- d. Causar voluntariamente danos nas instalacións ou propiedades do Clube.
- j. Causar voluntariamente danos ás propiedades de calquera socio sempre que estes se produzan nas instalacións do Clube ou no desenvolvemento de actos ou competicións onde o Clube participe.
- e. Alterar gravemente a paz social ou o normal desenvolvemento de calquera acto ou competición nos que participe o Clube.
- f. Desobedecer reiteradamente as normas e directrices do Clube transmitidas por directivos ou empregados.
- g. Incumprir de xeito consciente e grave os Estatutos ou calquera outra norma establecida polo Clube.
- h. Causar menoscabo ou danos á imaxe pública do Clube.
- i. Non proporcionar ao Clube a documentación necesaria para o funcionamento administrativo do mesmo, ou falsear datos.
- j. Non atender ao pago dos servizos prestados e/ou as cotas que validamente se aproben e sexan de aplicación. No caso de que a facturación se faga mensualmente será falta moi grave cando a se produza o impago das cotas sociais durante tres meses consecutivos, no caso de que esta sexa anual, será considerada falta moi grave cando se manteña a débeda transcorridos seis meses da data de facturación, previo requirimento de pago.
- k. A negativa a cumprir as sancións legalmente impostas.
- l. Calquera outra conduta análoga as descritas anteriormente que poida ser considerada como falta moi grave.

Artigo 11.-

A sanción aplicable a unha falta considerada como leve poderá ser a amoestación privada ou pública no taboleiro de anuncios do Clube, ou a perda dos dereitos de socio por un período de ata 30 días naturais.

A sanción aplicable a unha falta considerada como grave poderá ser a amoestación pública no taboleiro de anuncios do Clube ou a perda dos dereitos de socio dende un a seis meses.

A sanción aplicable a unha falta considerada como moi grave poderá ser a amoestación pública no taboleiro de anuncios do Clube con perda dos dereitos de socio por un período de seis a doce meses ou a perda definitiva da condición de socio.

Artigo 12.-

Para as sancións por impago, non fará falta a constitución dunha Comisión Disciplinaria, poderá ser imposta polo Presidente e a Xunta Directiva do Clube.

Rúa Porto s/n
1630, Miño A Coruña

cdnmino@gmail.com www.cdnmino.org



CLUBE DEPORTIVO NÁUTICO DE MIÑO

REGULAMENTO DISCIPLINARIO